



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DO XX CONGRESO DO INSTITUTO INTERNACIONAL DE ECONOMÍA E COMERCIOS PESQUEIROS EN VIGO, NO ANO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21 de abril de 2020 ata o 30 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para a celebración do XX Congreso Internacional Bianual del Instituto Internacional de Economía e Comercios Pesqueiros en Vigo.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

- Realización de degustacións de produtos do mar e coffe breaks, durante a celebración do congreso.
- Elaboración dun portal web para a xestión de inscritos e para o programa do congreso.
- Custos de loxística e local, no Auditorio do Mar de Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

O XX Congreso Internacional Bianual del Instituto Internacional de Economía e Comercios Pesqueiros, en inglés, "International Institute of Fisheries Economics and Trade" (IIFET) celebrarase en Galicia do 29 de Xuño ao 3 de Xullo de 2020. Neste Congreso, ao redor de 400 economistas, responsables e xestores públicos e membros da industria de rexións pesqueiras ao longo do mundo, encontraranse en Galicia para debater sobre temas relacionados fundamentalmente con: Xestión de pesquerías; Planificación espacial mariña; Bioeconomía; Mercados de produtos do mar e comportamento dos consumidores; Comercio internacional, acordos, barreiras e conflitos; Dimensión de xénero en pesca e acuicultura; Contribución da pesca e acuicultura á nutrición,





Seguridade alimentaria e atenuación da pobreza en PVD. Unha das xornadas dedicárase á Política Pesqueira e nela intervirán representantes políticos e de organizacións internacionais como é o caso da FAO.

A Universidade de Vigo ten subscrito/firmado un compromiso co Instituto Internacional de Economía e Comercios Pesqueiros (IIFET) apoiando o evento e avalando académica i economicamente a devandita actuación.

O Instituto Internacional de Economía e Comercios Pesqueiros (IIFET), agrupa a moitos profesionais e especialistas de todo el mundo e ten a súa sede en Estados Unidos. Que o Congreso Bianual ten, dende hai corenta anos, unha ampla repercusión no ámbito pesqueiro e que as edicións anteriores tiveron lugar en diferentes lugares América, Europa, Asia, África, Australia e Nova Zelandia, téndose celebrado as últimas en Aberdeen (Escocia) e Portland (Oregón). A Consellería do Mar e ANFACO-CECOPESCA están interesados na potenciación do sector da conservación e transformación dos produtos pesqueiros en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta industria, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros.

A Consellería do Mar e a Universidade de Vigo consideran que este evento é de gran significación para Galicia e para o sistema universitario de Galicia, reforzado pola significación das actividades marítimas e pesqueiras nesta Comunidade.

As partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización do XX Congreso Internacional Bianual del Instituto Internacional de Economía e Comercios Pesqueiros en Vigo pola importancia que representa este evento para a Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

